

# ***O proceso de alfabetización en Galicia (1860-1991)***<sup>1</sup>

*Narciso de Gabriel*

*Antón Costa Rico*

*M<sup>a</sup> González Raposo*

*Isabel Rivas Barrós*

*Universidades da Coruña e Santiago*

**RESUMO:** O obxectivo deste traballo é determinar o nivel cultural básico da poboación galega durante o período censal moderno. Ofrécense, en primeiro lugar, as taxas de alfabetización brutas entre 1860 e 1960, analizándose tamén a extensión da semialfabetización e o analfabetismo. De seguido calcúlanse as taxas de alfabetización netas desde 1887 a 1991, referidas á poboación de dez e máis anos. A partir dos seus valores propónse unha periodización do proceso de alfabetización en Galicia.

**ABSTRACT:** The purpose of this paper is to determine the basic cultural level of the Galician population during the modern census period. The gross data on literacy rates between 1860 and 1960 are presented first with an analysis of the extent of semi-literacy and illiteracy. The net literacy rates are then calculated from 1887-1991, based on members of the population 10 years of age or over. From the resulting values, the different periods that the literacy process in Galicia goes through are discussed.

## **Introducción**

Os estudos sistemáticos sobre a evolución histórica da alfabetización en Galicia son máis ben escasos. No tocante ao período contemporáneo, existen traballos acerca do proceso de escolarización que abordan, con máis ou menos extensión, a problemá-

---

<sup>1</sup> Este traballo forma parte dun proxecto de investigación denominado *Ler e escribir en Galicia: evolución do proceso de alfabetización entre 1860 e 1991*, financiado pola Xunta de Galicia (XUGA 10402A93).

tica da alfabetización<sup>2</sup>. Polo que respecta ao Antigo Réxime, algunhas monografías comarcais<sup>3</sup> ou sínteses<sup>4</sup> tamén lle conceden un certo espacio. As análises específicas desta temática son, non obstante, menos numerosas<sup>5</sup>.

Nesta ocasión tentaremos examinar a evolución da alfabetización dende o primeiro (1860) ata o último (1991) censo de poboación, ofrecendo así unha visión de conxunto sobre o período censal moderno.

Entre 1860 e 1960 traballaremos con taxas brutas, isto é, referidas ao conxunto da poboación. A partir do censo de 1887, primeiro que clasifica o nivel de alfabetización en función da idade, e ata 1991, determinaremos as taxas netas, é dicir, a porcentaxe de poboación de dez e máis anos que declara saber ler e escribir.

Aínda que o noso principal centro de atención será o proceso de alfabetización, tamén nos ocuparemos da semialfabetización -poboación que só domina a lectura- e do analfabetismo -poboación que descoñece ambas destrezas-.

Os datos están extraídos dos censos de poboación, e obtivéronse mediante enquisas, polo que están sometidos ás fontes de erro propias desta forma de recollida de datos. Cando descendemos a nivel municipal atopámonos con variacións intercensais dificilmente asumibéis. Ao traballar cun espacio xeográfico maior -provincias- os cambios semellan máis realistas, agás algunhas excepcións ás que nos referiremos no seu momento.

---

<sup>2</sup> Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: da Restauración á Segunda República*, Santiago, Xunta de Galicia, 1989, páxs. 158-62; Narciso de Gabriel, *Leer, escribir y contar. Escolarización popular y sociedad en Galicia (1875-1900)*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 1990, páxs. 413-21; Vicente Peña Saavedra, *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia*, Santiago, Xunta de Galicia, 1991, páxs. 167-77; Xosé Manuel Cid Fernández, *Escola, Democracia e República. Teorías e institucións educativas en Ourense durante a IIª República*, Vigo, Universidade de Vigo-Concello de Ourense, 1994, páxs. 133-37.

<sup>3</sup> Ofelia Rey Castelao, *Aproximación a la historia rural en la comarca de La Ulla*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela, 1981, páxs. 165-67.

<sup>4</sup> Pegerto Saavedra, *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*, Barcelona, Critica, 1994, páxs. 368-90.

<sup>5</sup> Juan Eloy Gelabert, "Niveaux d'alphabétisation en Galice (1635-1900)", en *De l'alphabétisation aux circuits du livre en Espagne. XVIe-XIXe siècles*, Paris, Editions du CNRS, 1984, páxs. 45-71; Margarita Sanz González, "Alfabetización y escolarización en Galicia a fines del Antiguo Régimen", *Obradoiro de Historia Moderna*, nº 1, 1992, páxs. 229-49; Narciso de Gabriel, "Emigración y alfabetización en Galicia", *Historia de la Educación*, nº 4, 1985, páxs. 321-36. Véxase tamén, neste mesmo número, X. Miguel Somoza Rodríguez e Ramón Santos Rodríguez, "Escolarización e Alfabetización no Rural Galego. Rianxo, 1900-1931)".

O enfoque adoptado é basicamente descritivo: trátase de cuantificar o fenómeno da alfabetización, a semialfabetización e o analfabetismo e observar a súa evolución nos cento trinta e un anos considerados. A determinación das causas da dinámica observada deixarase para outra ocasión, aínda que se farán algunhas observacións ao respecto. Cabe sinalar, en todo caso, que o proceso de alfabetización remite, na súa causalidade máis inmediata, ao proceso de escolarización, entendido este en toda a súa amplitude e complexidade. Pero á súa vez, tanto a escolarización como a alfabetización están mediadas por factores moi diversos: demográficos, económicos, sociais, políticos, culturais, relixiosos, lingüísticos, etcétera. Precisar qué factores interveñen, en qué medida o fan e cómo interactúan non resulta, certamente, unha tarefa doada.

### 1. Alfabetización, semialfabetización e analfabetismo bruto

No século que media entre 1860 e 1960 Galicia gaña poboación en todos os períodos intercensuais agás no último. Os menores incrementos prodúcense durante os dous primeiros períodos e os maiores en 1930-1940. A poboación alfabetizada segue un comportamento semellante, sendo o seu saldo sempre positivo e superior ao do conxunto da poboación, coa excepción do intervalo comprendido entre 1860 e 1877. A poboación analfabeta, despois dun lixeiro repunte (1860-1877), reduce o seu peso, pa-seniñamente primeiro e máis intensamente despois, producíndose o máximo descenso en 1940-1950 (cadro 1).

**Cadro 1.**

Diferencias intercensuais de poboación, alfabetización e analfabetismo. Galicia

	Poboación			Alfabetización			Analfabetismo		
	Masculina	Feminina	Total	Masculina	Feminina	Total	Masculino	Feminino	Total
1860/77	18.440	30.363	48.803	16.373	28.539	44.912	10.972	-8.175	2.797
1877/87	21.858	24.673	46.531	40.264	27.575	67.839	-26.765	-13.661	-40.426
1887/00	33.561	52.396	85.957	33.978	54.731	88.709	892	-13.782	-12.890
1900/10	27.537	55.537	83.074	45.727	95.269	140.996	-18.107	-42.498	-60.605
1910/20	24.254	36.401	60.655	80.611	126.050	206.661	-47.602	-77.178	-124.780
1920/30	80.320	25.717	106.037	126.999	148.507	275.506	-57.100	-131.799	-188.899
1930/40	140.836	124.743	265.579	209.637	260.385	470.022	-33.415	-81.848	-115.263
1940/50	58.418	49.922	108.340	133.252	180.114	313.366	-74.834	-130.192	-205.026
1950/60	3.734	-11.131	-7.397	40.087	49.953	90.040	-36.353	-61.084	-97.437

**Fonte:** Censos de poboación, ao igual que nos restantes cadros. 1860-1950, poboación bruta e 1960 poboación residente habitual.

A situación é diferente a nivel provincial, pois en todos os períodos intercensais, agás no cuarto e sétimo, existe algunha provincia que rexistra perda de poboación: Lugo (1860-1877, 1910-1920, 1920-1930, 1940-1950 e 1950-1960), Ourense (1887-1900 e 1950-1960) e Pontevedra (1877-1887) (cadro A1) Ponse así de manifesto a incidencia da emigración e a progresiva concentración da poboación nas provincias occidentais. Non sucede o mesmo coa poboación alfabetizada, que só experimenta pequenos descenso en Lugo (1860-1877 e 1950-1960) e Ourense (1950-1960) (cadro A4).

A porcentaxe de poboación que sabe ler e escribir sitúase arredor do 17% a mediados do século XIX, cifra que aumentará sistematicamente en censos sucesivos, ata acadar o 77,22% en 1960. Agora ben, os valores globais agachan enormes diferencias entre mulleres e homes, polo que non representan en absoluto a situación cultural dunhas e doutros, nomeadamente no século XIX. En consecuencia, na análise que segue traballaremos basicamente cos valores específicos de ambos sexos.

## Cadro 2.

### Taxa de alfabetización

	Total									
	1860	1877	1887	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960
A Coruña	16,40	19,18	22,37	25,20	31,11	40,15	48,66	63,09	72,24	77,05
Lugo	17,54	18,21	22,31	26,84	30,74	40,58	53,02	65,40	76,33	78,75
Ourense	15,27	16,37	20,00	23,19	29,79	36,31	49,35	65,60	74,87	77,70
Pontevedra	18,97	21,96	23,72	27,40	34,11	43,38	52,73	63,68	72,36	76,06
Galicia	17,07	19,05	22,16	25,68	31,48	40,31	50,75	64,18	73,54	77,22
España	19,97	24,48	28,49	33,44	38,59	46,31	55,63	66,15	72,15	74,95
	Masculina									
	1860	1877	1887	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960
A Coruña	30,08	32,74	36,34	38,29	43,38	51,26	57,96	69,93	77,22	81,18
Lugo	33,90	33,47	39,08	42,27	46,10	53,88	62,84	72,18	80,78	82,77
Ourense	29,42	29,97	35,35	38,21	38,79	46,60	59,04	71,25	79,43	81,92
Pontevedra	39,02	40,95	42,07	43,62	48,04	53,90	60,87	70,21	76,85	79,88
Galicia	32,97	34,20	38,03	40,41	44,18	51,60	59,96	70,72	78,25	81,28
España	31,09	34,72	38,52	42,15	45,91	52,46	61,40	70,04	75,62	78,13
	Feminina									
	1860	1877	1887	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960
A Coruña	5,38	8,45	11,23	14,81	21,65	31,59	41,02	57,23	67,87	73,42
Lugo	3,23	4,57	7,09	12,95	17,11	28,96	43,88	59,05	72,11	74,92
Ourense	2,51	4,16	6,22	10,12	22,25	27,95	40,82	60,56	70,73	73,85
Pontevedra	3,61	7,69	10,28	15,57	23,82	35,40	46,29	58,25	68,63	72,77
Galicia	3,86	6,56	9,06	13,65	21,30	31,31	42,94	58,46	69,38	73,59
España	9,05	14,68	18,84	25,14	31,67	40,51	50,12	62,28	68,92	71,96

En 1860 estaba alfabetizado o 33% da poboación masculina galega, fronte ao 31% rexistrado no conxunto do Estado. Esta superioridade perderase no seguinte recento censal e só se recuperará entre 1940 e 1960. De todas formas, a desvantaxe dos valores galegos verbo dos españois non chega a un punto no século XIX nin a dous no XX. Pode afirmarse, xa que logo, que o nivel de alfabetización galego está moi próximo á media española, e mesmo resulta superior nun primeiro momento. Antes de que a rede escolar pública instalada polo liberalismo puidese deixar sentir os seus efectos, Galicia tiña unha capacidade alfabetizadora, debida fundamentalmente á iniciativa particular, superior á do conxunto español. Unha vez que esta rede se consolida, semella aproveitar menos a Galicia que ao resto do Estado.

Entre 1860 e 1920 a primeira posición corresponde sempre a Pontevedra, a segunda a Lugo, a terceira á Coruña e a cuarta a Ourense. A partir de 1930 Lugo toma a dianteira e o derradeiro lugar ocúpalo A Coruña (1930 e 1940) ou Pontevedra (1950 e 1960).

O resultado máis chamativo posiblemente sexa o de Lugo. Esta provincia era unha das que presentaba un maior déficit de escolas públicas, como puñan de manifesto as estatísticas escolares, algunhas das cales lle adicaban comentarios específicos. Así, en 1880 Lugo tiña 224 escolas públicas, fronte ás 492 de Pontevedra, 600 de Ourense e 632 da Coruña<sup>6</sup>. Non onstante, o seu nivel de alfabetización non só é relativamente alto en comparanza co das outras provincias galegas, senón que tamén supera a media española, agás en 1877. A explicación deste contraste semella radicar na existencia dunha poderosa rede de escolarización privada, integrada polas chamadas "escolas de ferrado"<sup>7</sup>. A alfabetización obedece aquí a un pulo procedente dos sectores populares, instalados maioritariamente no medio rural, que idean e sosteñen fórmulas específicas para a aprendizaxe da lectura e da escritura, á marxe das promovidas polas institucións públicas. Estas fórmulas de carácter particular, se as cuantificamos en termos estrictamente alfabetizadores, son máis eficaces que as de carácter público, dominantes, polo que sabemos, na provincia de Ourense.

A situación era ben distinta no caso das mulleres: só catro de cada cen declaraban saber ler e escribir en 1860. Había concellos nos que, simplemente, non existía ningunha muller alfabetizada. A alfabetización feminina era, a estas alturas, un fenómeno sumamente restrinxido, próximo ao nivel cero. No conxunto do Estado, as taxas, malia

---

<sup>6</sup> Narciso de Gabriel, *Leer, escribir y contar*, *op. cit.*, páx. 123.

<sup>7</sup> *Ibidem*, páxs. 160-68.

seren reducidas, triplican ou duplican as galegas ata 1900. A distancia afóndase entre 1860 e 1900, diminúe a partir de 1910 e invirte o seu signo en 1950 e 1960.

Nos sete primeiros censos a provincia mellor situada é A Coruña (1860-1887) ou Pontevedra (1900-1930) e a peor Ourense, se exceptuamos 1910, aínda que neste último ano a provincia ourensá amosa uns valores sumamente atípicos, como veremos nun futuro traballo sobre a alfabetización a nivel municipal. Nos tres últimos censos as provincias con taxas máis altas son as do interior e as máis baixas corresponden ás costeiras.

Un dos factores que posiblemente explique a superioridade inicial da Coruña e Pontevedra é o seu maior nivel de urbanización en relación coas outras dúas provincias<sup>8</sup>. Nun momento en que o dominio da lectura e da escritura estaba moi escasamente difundido entre as mulleres, a circunstancia de vivir nun núcleo urbano proporcionaba maiores oportunidades para alfabetizarse. De feito, das 16.589 mulleres coruñesas que sabían ler e escribir en 1860, 9.844 pertencían aos concellos da Coruña, Ferrol e Santiago.

O diferencial sexual galego cífrase nuns 29 puntos no primeiro censo. A súa tendencia é claramente descendente, por máis que no século XIX permaneza relativamente estabilizado e mesmo coñeza unha pequena reactivación en 1887. Entre 1860 e 1900 recórtanse só tres puntos, fronte aos catorce dos corenta anos seguintes. Se o comparamos co do conxunto do Estado, o diferencial é sempre superior en Galicia, acentuándose as distancias ata 1900 e amainando a partir desa data.

### Cadro 3.

#### Diferencial sexual

	1860	1877	1887	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960
A Coruña	24,70	24,28	25,11	23,48	21,73	19,67	16,94	12,70	9,35	7,76
Lugo	30,67	28,90	31,99	29,32	28,99	24,92	18,97	13,13	8,67	7,86
Ourense	26,91	25,81	29,13	28,09	16,54	18,65	18,22	10,69	8,70	8,07
Pontevedra	35,41	33,26	31,79	28,05	24,22	18,50	14,58	11,96	8,21	7,11
Galicia	29,11	27,64	28,97	26,77	22,88	20,29	17,02	12,26	8,87	7,69
España	22,03	20,04	19,69	17,01	14,24	11,95	11,28	8,07	6,69	6,17

<sup>8</sup> J. Antonio López Taboada, *La población de Galicia, 1860-1991*, A Coruña, Fundación Caixa-Galicia, 1996, páxs. 35-54.

Por provincias, os valores máis elevados corresponden a Lugo desde 1887 a 1940 e os máis baixos recaen normalmente na Coruña primeiro e en Pontevedra máis tarde. En Ourense o diferencial descende uns doce puntos entre 1900 e 1910, e aumenta dous no seguinte decenio. Esta evolución contrasta coa das outras provincias, e posiblemente obedeza a certas anomalías do censo ourensán de 1910.

A dinámica da poboación alfabetizada nos sucesivos períodos intercensuais permítenos apreciar a superioridade do crecemento feminino sobre o masculino, tanto se consideramos os números índices como a porcentaxe de crecemento intercensual, a taxa de crecemento anual ou o incremento da taxa de alfabetización, cunha única excepción no que respecta ao último indicador: o intervalo 1877-1887. Tamén nos permite observar as fases polas que atravesamos o proceso de alfabetización, que analizaremos máis adiante, ao traballarmos con valores netos. Polo de agora sinalaremos unicamente que a tendencia do crecemento é ascendente ata 1940 e descendente despois.

#### Cadro 4.

Crecedemento da poboación alfabetizada masculina (M), feminina (F) e total (T). Galicia

	Índice crec. (1860 base 100)			% crec. intercensal			Taxa de crec. anual			Crec. taxa alfa.		
	M	F	T	M	F	T	M	F	T	M	F	T
1860	100,00	100,00	100,00									
1877	106,08	175,31	114,62	6,08	75,31	14,62	0,35	3,36	0,81	1,23	2,70	1,98
1887	121,03	248,08	136,71	14,10	41,51	19,27	1,33	3,53	1,78	3,83	2,50	3,11
1900	133,65	392,51	165,59	10,43	58,22	21,13	0,77	3,59	1,49	2,38	4,59	3,52
1910	150,64	643,91	211,49	12,71	64,05	27,72	1,20	5,07	2,48	3,77	7,65	5,80
1920	180,57	976,54	278,78	19,87	51,66	31,81	1,83	4,25	2,80	7,42	10,01	8,83
1930	227,74	1.368,43	368,47	26,12	40,13	32,18	2,35	3,43	2,83	8,37	11,63	10,44
1940	305,60	2.055,55	521,50	34,19	50,21	41,53	2,98	4,15	3,53	10,76	15,52	13,43
1950	355,09	2.530,85	623,52	16,19	23,12	19,56	1,51	2,10	1,80	7,52	10,92	9,36
1960	369,98	2.662,67	652,84	4,19	5,21	4,70	0,41	0,51	0,46	3,03	4,21	3,68

Ademais da poboación que sabe ler e escribir, os censos informan, ata 1930, sobre a que só sabe ler, que se considerará analfabeta desde 1940. Esta categoría ofrece unhas porcentaxes reducidas, que a nivel galego non chegan nunca ao cinco por cento. A súa evolución e distribución por sexos e provincias resulta, non obstante, sensiblemente distinta da observada na alfabetización.

A semialfabetización masculina sigue unha traxectoria, polo xeral, descendente, mentres que a feminina duplica a súa taxa entre 1860 e 1900, descendendo a continuación. A primeira é superior á segunda nos dous primeiros censos, pero desde 1887 a vantaxe corresponde ás mulleres. Polo demais, os valores masculinos galegos son sempre superiores aos do conxunto español, e tamén os femininos desde 1900.

**Cadro 5.**

Poboación semialfabetizada

	1860	1877	1887	1900	1910	1920	1930
A Coruña	18.985	19.336	25.508	24.410	25.454	15.861	13.638
Lugo	12.038	9.841	14.542	20.218	24.055	18.193	8.900
Ourense	13.450	13.137	22.487	26.445	22.847	16.896	11.858
Pontevedra	13.444	16.723	15.505	16.646	13.463	10.393	7.341
Galicia	57.917	59.037	78.042	87.719	85.819	61.343	41.737
España	705.778	578.978	602.005	495.753	353.732	199.754	209.341

**Cadro 6.**

Poboación masculina semialfabetizada

	1860	1877	1887	1900	1910	1920	1930
A Coruña	10.900	9.095	11.626	10.365	9.995	6.007	4.778
Lugo	7.767	4.715	7.073	7.514	8.253	6.389	2.796
Ourense	8.979	6.373	10.231	9.717	8.549	5.377	3.900
Pontevedra	7.986	6.570	6.130	5.908	4.590	3.337	2.701
Galicia	35.632	26.753	35.060	33.504	31.387	21.110	14.175
España	316.557	210.930	221.613	178.615	125.048	75.241	73.195

**Cadro 7.**

Poboación feminina semialfabetizada

	1860	1877	1887	1900	1910	1920	1930
A Coruña	8.085	10.241	13.882	14.045	15.459	9.854	8.860
Lugo	4.271	5.126	7.469	12.704	15.802	11.804	6.104
Ourense	4.471	6.764	12.256	16.728	14.298	11.519	7.958
Pontevedra	5.458	10.153	9.375	10.738	8.873	7.056	4.640
Galicia	22.285	32.284	42.982	54.215	54.432	40.233	27.562
España	389.221	368.048	380.392	317.138	228.684	124.513	136.146



**Cadro 8.**

## Taxa de semialfabetización

	1860	1877	1887	1900	1910	1920	1930
A Coruña	3,41	3,24	4,16	3,73	3,76	2,24	1,78
Lugo	2,78	2,40	3,36	4,34	5,01	3,87	1,90
Ourense	3,64	3,38	5,55	6,54	5,55	4,10	2,78
Pontevedra	3,05	3,70	3,50	3,64	2,72	1,95	1,29
Galicia	3,22	3,19	4,12	4,43	4,16	2,89	1,87
España	4,50	3,48	3,43	2,66	1,77	0,93	0,88

**Cadro 9.**

## Taxa de semialfabetización masculina

	1860	1877	1887	1900	1910	1920	1930
A Coruña	4,38	3,45	4,27	3,59	3,39	1,95	1,38
Lugo	3,85	2,43	3,44	3,41	3,66	2,92	1,24
Ourense	5,13	3,46	5,34	5,17	4,56	2,91	1,96
Pontevedra	4,18	3,39	3,27	3,06	2,18	1,45	1,08
Galicia	4,36	3,20	4,09	3,76	3,42	2,24	1,39
España	4,08	2,59	2,57	1,97	1,29	0,73	0,63

**Cadro 10.**

## Taxa de semialfabetización feminina

	1860	1877	1887	1900	1910	1920	1930
A Coruña	2,62	3,07	4,06	3,85	4,05	2,46	2,10
Lugo	1,85	2,36	3,30	5,19	6,21	4,71	2,52
Ourense	2,30	3,30	5,74	7,74	6,38	5,06	3,51
Pontevedra	2,19	3,93	3,66	4,06	3,11	2,33	1,46
Galicia	2,27	3,19	4,14	4,97	4,75	3,40	2,28
España	4,92	4,33	4,25	3,33	2,23	1,13	1,12

Ao relacionala coa alfabetización, a semialfabetización adquire unha maior relevancia, como se reflicte no cadro 13. En 1860, por cada cen homes que sabían ler e escribir había 13 que só sabían ler, cifra que ascendía ata 59 nas mulleres. A liña evolutiva que debuxan os datos segue sendo descendente, agás un pequeno incremento masculino en 1887. Pero non cabe descoñecer a implantación que aínda tiña na segunda

metade do século XIX, e mesmo a principios do XX, un modelo de alfabetización propio do Antigo Réxime, consistente na aprendizaxe da lectura pero non da escritura. E non se trata só, como mostraremos noutro traballo, dunha semialfabetización coxuntural, vencellada á aprendizaxe sucesiva da lectura e da escritura, senón que para un importante sector da poboación, nomeadamente feminina, o dominio da lectura constituía a súa meta instructiva final, procurando celosamente algúns país que non fose superada.

### Cadro 11.

Porcentaxe de poboación semialfabetizada sobre a alfabetizada masculina (M) e feminina(F)


	1860		1877		1887		1900		1910		1920		1930	
	M	F	M	F	M	F	M	F	M	F	M	F	M	F
A Coruña	15	49	11	36	12	36	9	26	8	19	4	8	2	5
Lugo	11	57	7	52	9	46	8	40	8	36	5	16	2	6
Ourense	17	92	12	79	15	92	14	76	12	29	6	18	3	9
Pontevedra	11	61	8	51	8	36	7	26	5	13	3	7	2	3
Galicia	13	59	9	49	11	46	9	36	8	22	4	11	2	5
España	13	54	7	29	7	23	5	13	3	7	1	3	1	2

Este modelo tiña unha implantación particularmente importante en Ourense, que, como xa comprobamos, era onde estaba menos difundida a que podemos denominar alfabetización completa. Para esta provincia contamos con datos de 1840, o que nos permite examinar a evolución nas dúas décadas centrais do XIX. A principios dos anos corenta a cifra de alfabetizados ascendía a 26.742 homes e 3.389 mulleres e a de semialfabetizados a 34.699 e 6.071, respectivamente<sup>9</sup>. A relación entre semialfabetización e alfabetización era de 130 para o sexo masculino e 179 para o feminino: a primeira aínda dominaba amplamente sobre a segunda, tanto nun coma noutro sexo, pero máis acusadamente entre as mulleres.

Resulta chamativo, de todas formas, que a suma de persoas que saben ler e escribir ou só ler sexa moi semellante en 1840 (70.901) e 1860 (69.825), e mesmo experimente un pequeno descenso. Se a poboación permanecese relativamente estancada, esta circunstancia podería explicarse por un trafego entre semialfabetizados e alfabetizados ou por unha variación nos criterios empregados en ambos recontos para enca-

<sup>9</sup> Jean-Louis Guereña, "Analfabetismo y alfabetización en España (1835-1860)", *Revista de Educación*, nº 288, 1989, páx. 203.

drar a poboación nunha ou outra categoría. Pero como a poboación pasa de 231.038<sup>10</sup> a 369.138 habitantes, o que se tería producido, de seren fiabeis os datos, non sería un mero trafego, senón un retroceso na porcentaxe de persoas que sabían ler e escribir ou só ler: 30,69% en 1840 fronte a 18,92% en 1860. Máis aínda, Ourense non se recuperaría deste retroceso ata 1900. Agora ben, tal dinámica non se compadece nin coa tendencia xeral dos datos sobre a alfabetización nin co pulo escolarizador que ten lugar a mediados do século XIX, o que nos leva a desconfiar das cifras de 1840, que, ou ben son pouco fiabeis, ou se elaboran con criterios distintos aos dos seguintes recensos censuais.



O analfabetismo, pola súa banda, coñece escasas variacións en valores absolutos durante o século XIX, afectando aproximadamente a un millón catrocentas mil persoas, como se mostra no gráfico 1. A pesar do aumento moderado das taxas de alfabetización, o número de individuos que descoñecen a lectura e a escritura mantense practicamente inalterable. No primeiro decenio do XX a cantidade de analfabetos redúcese nuns sesenta mil, pero será sobre todo nas décadas seguintes cando se produza un recorte substancial. Entre 1860 e 1910 a poboación analfabeta diminúe só en cen mil unidades, mentres que desde 1910 a 1960 pérdense máis de setecentas mil.

<sup>10</sup> *Ibidem.*

## 2. Alfabetización neta

As cifras anteriores refírense ao conxunto da poboación, incluído un sector que por razóns de idade non está en condicións de dominar a lectura e a escritura. Ofrecen, xa que logo, unha imaxe excesivamente negativa do nivel cultural acadado nun momento dado. Por esta razón adoita traballarse, sempre que resulta factible, con valores que exclúan ese segmento da poboación. O límite cronolóxico a partir do cal se determinan as taxas netas sitúase normalmente nos dez anos<sup>11</sup>, que é, polo demais, o criterio censual adoptado a partir de 1970<sup>12</sup>.

O primeiro censo que permite calcular valores netos é o de 1887, pois os dous anteriores non clasifican a alfabetización en función da idade. Nos cadros A10-A18 figuran as cifras correspondentes á poboación, poboación alfabetizada e poboación analfabeta de dez e máis anos entre 1887 e 1991.

As diferencias entre as taxas netas e as brutas durante o período en que se poden determinar ambas sobre datos censuais directos (1887-1960) recóllense no cadro 12, que permite extraer as seguintes conclusións.

En primeiro lugar, as taxas de alfabetización netas son sensiblemente máis altas cáas brutas. Ao prescindirse dun grupo de idade onde o analfabetismo era practicamente absoluto (0-5 anos) ou moi elevado (6-9), debido ás reducidas taxas de escolarización, ao ingreso serodio de nenos e nenas na escola, á limitada eficacia alfabetizadora desta e a unha escolarización de carácter preferentemente extensivo, os valores netos superan amplamente aos brutos. Estas diferencias acentúanse ata 1940, en que acadan a súa máxima intensidade, para estabilizárense arredor dos dez puntos entre 1950 e 1960. A progresión observada, especialmente perceptible nas mulleres, débese a que, conforme se difunden socialmente a lectura e a escritura, o analfabetismo propio dos primeiros anos distorsiona cada vez máis os valores da poboación adulta.

En segundo lugar, o diferencial sexual neto supera nuns nove puntos ao bruto desde 1887 a 1910, distancia que comeza a diminuír a partir de 1920. A razón desta superioridade semella clara: ao non computarse a poboación preescolar, onde o analfabetismo se distribúe de forma equilibrada entre un e outro sexo, a vantaxe dos

---

<sup>11</sup> Cfr. M. Vilanova Ribas e X. Moreno Julià, *Atlas de la evolución del analfabetismo en España de 1887 a 1981*, Madrid, CIDE, 1992.

<sup>12</sup> O censo de 1970 só contén información sobre a alfabetización da poboación maior de dez anos, polo que a partir deste momento xa non se poden determinar as taxas brutas.

homes resulta máis intensa, e tamén máis realista. O feito de que as diferencias se recorten débese á progresiva igualación das oportunidades de escolarización femininas e masculinas.

### Cadro 12.

Diferencias entre a alfabetización neta e bruta masculina (M), feminina (F) e total (T). Galicia

	Taxa alfabetización			Diferencial sexual	Taxa semialfabetización			Índice crece. (1887 base 100)		
	M	F	T		M	F	T	M	F	T
1887	10,87	1,59	5,21	9,28	-0,06	0,26	0,12			
1900	12,39	2,69	6,44	9,70	0,00	0,47	0,29	-0,44	0,80	-0,41
1910	14,14	4,49	8,20	9,65	-0,12	0,44	0,23	-1,54	0,90	-1,67
1920	13,99	5,65	8,87	8,34	-0,24	0,18	0,02	-1,61	4,91	-1,39
1930	15,16	7,57	10,70	7,59	-0,26	0,03	-0,09	-3,78	1,83	-4,35
1940	14,77	8,85	11,41	5,92				-7,93	-6,56	-10,49
1950	12,96	8,79	10,62	4,17				-10,48	-2,89	-12,43
1960	12,36	8,67	10,31	3,69				-9,77	0,66	-11,29

En terceiro lugar, as distancias entre as taxas de semialfabetización netas e brutas son pequenas, pero cómpre valoralas en función da reducida porcentaxe de poboación que declaraba saber só ler. O máis significativo posiblemente sexa o distinto signo que teñen en homes e mulleres. No sexo masculino as netas son lixeiramente inferiores ás brutas, sucedendo ao revés, pero con máis intensidade, no feminino. Estes resultados semellan evidenciar que a semialfabetización masculina tiña un carácter máis coxuntural -asociado á idade e á práctica dunha aprendizaxe sucesiva da lectura e da escritura- que a feminina. Ou se se quere, que esta tiña un carácter máis finalista ou terminal que aquela, por máis que tanto nun como noutro caso as taxas sexan relativamente baixas.

Por último, se tomamos 1887 como punto de referencia, as diferencias entre os índices de crecemento neto e bruto son escasas, polo menos inicialmente. No primeiro período intercensal non chegan a medio punto e no segundo son menores de dous. Cabe supor, xa que logo, que ambos índices tivesen tamén un comportamento semellante entre 1860 e 1887. Baseándonos nesta hipótese, elaboramos o cadro 13, onde os valores da poboación alfabetizada de dez e máis anos en 1860 e 1877 se deducen dos índices de crecemento da bruta, tomando como ano de referencia 1887. Desta for-

ma dispomos dunha serie homoxénea que abrangue o conxunto do período censual moderno.

### Cadro 13.

Poboación alfabetizada de dez e máis anos masculina (M) feminina (F) e total (T). Galicia

	Poboación			%F/M	Poboación alfabetizada			Taxa de alfabetización			
	M	F	T		M	F	T	M	F	T	M-F
1860	616.525	784.307	1.400.832	127	260.524	35.633	296.157	42,26	4,54	21,14	37,71
1877	630.108	814.737	1.444.845	129	276.275	62.454	338.728	43,85	7,67	23,44	36,18
1887	644.913	829.932	1.474.845	129	315.340	88.384	403.724	48,90	10,65	27,37	38,25
1900	656.842	860.404	1.517.246	131	346.826	140.548	487.374	52,80	16,34	32,12	36,47
1910	664.622	892.441	1.557.063	134	387.619	230.207	617.826	58,32	25,80	39,68	32,53
1920	709.512	953.034	1.662.546	134	465.392	352.259	817.651	65,59	36,96	49,18	28,63
1930	773.978	968.463	1.742.441	125	581.442	489.157	1.070.599	75,12	50,51	61,44	24,62
1940	902.021	1.079.361	1.981.382	120	771.183	726.546	1.497.729	85,50	67,31	75,59	18,18
1950	978.033	1.150.198	2.128.231	118	892.080	899.127	1.791.207	91,21	78,17	84,16	13,04
1960	996.532	1.154.017	2.150.549	116	933.115	949.230	1.882.345	93,64	82,25	87,53	11,38
1970	1.069.885	1.175.996	2.245.881	110	1.019.767	1.013.662	2.033.429	95,32	86,20	90,54	9,12
1981	1.138.964	1.237.940	2.376.904	109	1.103.095	1.118.007	2.221.102	96,85	90,31	93,45	6,54
1991	1.174.492	1.276.289	2.450.781	109	1.157.188	1.218.647	2.375.835	98,53	95,48	96,94	3,04

**Nota:** Na poboación de 1860 non se inclúen os dez anos.

As cifras da poboación de dez e máis anos extraíense directamente dos censos, debendo facerse a salvidade de que en 1860 non se inclúen os dez. Ademais dos valores absolutos, ofrécese a taxa de feminidade<sup>13</sup>, que, como pode apreciarse, asume valores particularmente elevados en Galicia, acadando a súa máxima intensidade (134 mulleres por cada 100 homes) en 1910 e 1920, debido sobre todo aos efectos da emigración, que se centra preferentemente no sexo masculino, especialmente nas súas primeiras fases, e que coñece por estas datas unha importante expansión<sup>14</sup>. Esta des-


<sup>13</sup> Sobre a "feminización da poboación galega" véxase J. Antonio López Taboada, *op. cit.*, páxs. 233-45.

<sup>14</sup> Entre 1901 e 1910 o saldo migratorio é de -126.546 habitantes, e no seguinte decenio de -77.516. Desde 1860 ata 1980, o único período intercensal con saldo migratorio positivo é o comprendido entre 1931 e 1940 (Ana Campillo Ruiz, Gonzalo Méndez Martínez e Xosé Manuel Souto González, *Xeografía de Galicia. A poboación e a acción xeodemográfica*, Santiago de Compostela, Gran Enciclopedia Galega Edicións, 1993, pág. 102).

proporción fai que a relación entre o número absoluto de alfabetizadas e alfabetizados non sexa significativa das diferenzas entre ambos sexos, que se deberán apreciar contrastando os valores relativos.

As taxas de alfabetización masculinas son do 42,26% en 1860 e do 98,53% en 1991. *En todos e cada un dos censos os seus valores son superiores á media española*<sup>15</sup>, contrariamente ao que acontecía coa alfabetización bruta. Esta discrepancia semella evidenciar que en Galicia adoitaba accederse á condición de alfabetizado a idades máis serodias que no resto de España.

As mulleres tiñan, en 1860, case todo o camiño por percorrer: só sabía ler e escribir o 4,54%, que ascenderá ao 95,48 en 1991. As cifras son inferiores á media española ata 1940 e aproximadamente iguais desde 1950<sup>16</sup>.



O diferencial sexual tende a estabilizarse no século XIX, oscilando entre 36 e 38 puntos. Haberá que agardar ao XX para que se recorte progresivamente a distancia, que se reducirá a tres puntos no último censo.

<sup>15</sup> Sobre as taxas de alfabetización netas españolas para este mesmo período véxase Narciso de Gabriel, "Alfabetización, semialfabetización y analfabetismo en España (1860-1991)", *Revista Complutense de Educación* (en prensa).

<sup>16</sup> *Ibidem*.

Atendendo á porcentaxe de crecemento intercensal, taxa de crecemento anual e incremento intercensal das taxas de alfabetización, tentaremos examinar a evolución dos datos e delimitar as principais etapas polas que atravesara este proceso, diferenciando homes e mulleres (cadro 14 e gráficos 3, 4 e 5). O primeiro e segundo indicador están directamente condicionados polos saldos demográficos intercensuais e o primeiro e terceiro pola diferente amplitude dalgúns intervalos.

A porcentaxe de crecemento entre un e outro censo resulta escasamente discriminativa no século XIX, pois a amplitude dos intervalos varía sempre: dezasete, dez e trece anos. No XX a súa tendencia é ascendente ata 1930-1940 e descendente despois, salientando sobre todo a reducida progresión da década dos cincuenta, caracterizada por unha reactivación do fenómeno migratorio.

#### Cadro 14.

Crecedemento da poboación alfabetizada de dez e máis anos masculina (M), feminina (F) e total (T). Galicia

	% crec. intercensal			Taxa crec. anual			Incremento taxa alfab.		
	M	F	T	M	F	T	M	F	T
1860/77	6,05	75,27	14,37	0,35	3,36	0,79	1,59	3,12	2,30
1877/87	14,14	41,52	19,19	1,33	3,53	1,77	5,05	2,98	3,93
1887/00	9,98	59,02	20,72	0,73	3,63	1,46	3,91	5,69	4,75
1900/10	11,76	63,79	26,77	1,12	5,06	2,40	5,52	9,46	7,56
1910/20	20,06	53,02	32,34	1,85	4,35	2,84	7,27	11,17	9,50
1920/30	24,94	38,86	30,94	2,25	3,34	2,73	9,53	13,55	12,26
1930/40	32,63	48,53	39,90	2,86	4,04	3,41	10,37	16,80	14,15
1940/50	15,68	23,75	19,59	1,47	2,15	1,81	5,72	10,86	8,57
1950/60	4,60	5,57	5,09	0,45	0,54	0,50	2,42	4,08	3,36
1960/70	9,29	6,79	8,03	0,89	0,66	0,78	1,68	3,94	3,01
1970/81	8,17	10,29	9,23	0,72	0,89	0,81	1,54	4,12	2,90
1981/91	4,90	9,00	6,97	0,48	0,87	0,68	1,68	5,17	3,50

No caso dos homes, podemos diferenciar, en función do crecemento anual e das diferencias intercensuais nas taxas de alfabetización, os seguintes períodos:


a) 1860-1877. Nesta fase intercensal, a máis extensa de todas, prodúcese a taxa de crecemento anual máis baixa da serie (0,35), gañándose só un punto e medio na taxa de alfabetización, a pesar dos dezasete anos que transcorren entre ambos recensos censuais. Predomina, xa que logo, a estabilidade.





b) 1877-1910. A taxa de crecemento anual experimenta un importante avance, sobre todo nos oitenta e na primeira década do século actual, que teñen valores moi parellos (1,33 e 1,12), sucedendo o mesmo coas taxas de alfabetización (5,05 e 5,52). Nos anos noventa, nembargantes, a expansión resulta bastante máis moderada.

Contrasta especialmente o comportamento do primeiro (1860-1877) e do segundo (1877-1887) período intercensal. No primeiro, cun saldo migratorio de -271.926 habitantes, o nivel de alfabetización experimenta un crecemento moi reducido, tendendo á estabilidade, sobre todo se temos en conta a súa amplitude, mentres que no segundo, coincidindo cunha importante diminución da emigración -o saldo negativo é de 29.246, manténdose constante a relación mulleres/homes (cadro13)-, a taxa de alfabetización aumenta máis de cinco puntos<sup>17</sup>.

c) 1910-1940. Este é, sen dúbida, o período máis expansivo: dos 56 puntos que avanza a taxa de alfabetización entre 1860 e 1991, 27 acádanse agora. Tódolos indicadores de crecemento seguen, ademais, unha tendencia ascendente ao longo destas tres décadas. Nos anos trinta, os máis progresivos de toda a serie, a taxa de crecemento anual aproxímase aos tres puntos e a porcentaxe de poboación alfabetizada aumenta en máis de dez.



<sup>17</sup> Os saldos migratorios están tomados de Ana Campillo Ruiz, Gonzalo Méndez Martínez e Xosé Manuel Souto González, *op. cit.*, páx. 102.



d) 1940-1950. Unha vez que a porcentaxe de alfabetizados supera o 85% (1940), os avances son máis lentos e complicados, debido a que resta unha marxe de expansión cada vez menor e a que o analfabetismo tende a concentrarse en sectores da poboación difíciles de recuperar para a alfabetización, ben sexa por razóns de idade, ben de marxinalidade social. Con todo, os corenta son aínda anos dun crecemento relativamente importante: a taxa anual ascende a 1,47 e o saldo intercensual das taxas de al-

fabetización aproximase aos seis. Estamos nunha fase de transición entre a expansión e a moderación.

e) 1950-1991. Nestes corenta e un anos a taxa de alfabetización gaña uns sete puntos, pero tampouco podía avanzar moito máis, dado que en 1991 sabía ler e escribir o 98,53% da poboación masculina. A batalla da alfabetización, entendida na súa acepción tradicional, está practicamente gañada. Resta un curto camiño para a súa universalización, que se consumará progresivamente coa instrución e a renovación xeracional.

Polo que respecta ás mulleres, a súa taxa de crecemento anual é superior á dos homes, agás en 1960-1970, e o mesmo acontece co incremento das taxas de alfabetización, coa excepción de 1877-1887. Os períodos que delimita a súa traxectoria tamén son parcialmente distintos.

a) 1860-1900. As taxas de crecemento anual son bastante homoxéneas nos tres intervalos censuais considerados, oscilando entre 3,36 no primeiro e 3,63 no terceiro. A porcentaxe de alfabetizadas aumenta nuns doce puntos, o que supón multiplicar por catro os valores iniciais, que só eran dun 4,54%. Desta gañancia, preto da metade corresponde aos derradeiros trece anos do século XIX.

b) 1900-1940. Aínda que o crecemento relativo anual varía entre un máximo de 5,06 en 1900-1910 -condicionado polo espectacular avance ourensán, sobre o que xa manifestamos certas reservas- e un mínimo de 3,34 en 1900-1920, similar aos valores decimonónicos, o certo é que as taxas de alfabetización experimentan avances case sempre superiores aos dez puntos, producíndose a máxima expansión nos anos trinta, en que se rexistra unha progresión de algo menos de dezasete. Nestes corenta anos a porcentaxe de alfabetizadas pasa dun 16,34 a un 67,31, cunha gañancia de cincuenta e un puntos.


c) 1940-1950. Como no caso dos homes, tamén é esta unha etapa de transición, pero moito máis progresiva. A taxa de crecemento anual redúcese case á metade (2,15), pero a taxa de alfabetización aumenta case once puntos, polo que mesmo podería incluírse, en función deste parámetro, no período anterior.



d) 1950-1991. O crecemento anual é, de novo, bastante uniforme, oscilando entre 0,54 e 0,89, e sensiblemente máis reducido có de calquera das décadas previas. As taxas de alfabetización aumentan arredor de catro puntos por década, que ascenden a cinco na última. En conxunto, fronte aos sete puntos dos homes, as mulleres medran


dezasete, polo que uns e outras se sitúan nun nivel relativamente similar en 1991. Os tres puntos de diferenza entre o sexo feminino e o masculino débense sobre todo ás xeracións máis vellas.

O nivel de alfabetización por provincias da poboación de dez e máis anos reflíctese no cadro 14. As cifras de 1860 e 1877 estímense a partir do índice de crecemento da alfabetización bruta nos dous primeiros períodos intercensuais, tomando como referencia 1887, como tamén se fixo para o conxunto de Galicia.

Entre 1860 e 1920 a maior taxa de alfabetización masculina corresponde sempre a Pontevedra, e a menor a Ourense, rexistrándose unha distancia máxima de dezasete puntos en 1910. A partir de 1930 prodúcense alternancias na primeira posición: Lugo (1930-1950), A Coruña (1960-1970) e de novo Pontevedra (1981-1991), pero na última manterase Ourense, agás en 1970. De todas formas, as diferenzas interprovinciais redúcense substancialmente durante os últimos censos. A heteroxeneidade inicial dará paso a unha poboación cada vez máis homoxénea.







Nos sete primeiros censos tamén é Ourense a provincia cunha menor porcentaxe de mulleres alfabetizadas, salvando 1910, que ofrece datos disonantes cos anteriores e posteriores, e tamén co resto das provincias. O primeiro posto é para A Coruña primeiro (1860-1887) e para Pontevedra máis tarde (1900-1930). As distancias entre a provincia mellor e a peor situada aumentan ata 1920, cifrándose entón nuns oito puntos. Desde 1940 obsérvase unha maior uniformidade.

Polo que respecta á evolución, a década máis progresiva é normalmente a dos trinta, tanto para os homes como para as mulleres, aínda que as mulleres lucenses e os homes ourensáns rexistran incrementos algo máis elevados nos vinte. Para o sexo feminino os anos trinta supoñen avances de vinte puntos en Ourense, dezaioito na Coruña, dezasete en Lugo e trece en Pontevedra. Os períodos intercensuais menos dinámicos son, pola contra, os primeiros e os últimos da serie.

A provincia cunha distribución máis irregular dos incrementos é Ourense. En 1900-1910 a taxa masculina perde 1,29 puntos e no seguinte decenio gaña 11,32, duplincando ou triplicando os avances das outras provincias, mentres que a taxa feminina avanza 14,60 e 6,55, respectivamente. Como consecuencia deste crecemento tan desigual, o diferencial sexual redúcese ata 21,47 en 1910 e sobe a 26,23 en 1920, con-

trariamente a súa tendencia sistematicamente descendente no resto das provincias a partir dos anos dez.

**Cadro 15.**

Taxa de alfabetización masculina (M) e feminina (F) da poboación de dez e máis anos

	A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra		
	M	F	M-F	M	F	M-F	M	F	M-F	M	F	M-F
1860	39,08	6,38	32,71	43,16	3,82	39,34	37,38	2,99	34,39	49,90	4,17	45,73
1877	42,45	9,89	32,56	42,01	5,32	36,69	38,62	4,97	33,65	52,62	8,86	43,75
1887	47,15	13,18	33,97	49,39	8,42	40,97	45,85	7,50	38,36	53,95	11,75	42,20
1900	51,50	17,92	33,58	53,40	15,64	37,76	49,50	12,15	37,36	57,28	18,19	39,09
1910	58,37	26,15	32,22	61,00	21,10	39,90	48,21	26,75	21,47	65,13	28,72	36,41
1920	65,02	37,06	27,96	67,92	34,61	33,31	59,53	33,30	26,23	69,02	41,50	27,52
1930	74,09	48,62	25,47	76,97	51,70	25,27	72,68	47,62	25,06	76,80	54,13	22,68
1940	85,86	66,64	19,22	86,44	68,48	17,96	83,73	67,61	16,12	85,50	67,13	18,37
1950	91,45	77,49	13,96	91,78	80,37	11,41	90,41	78,34	12,06	90,98	77,40	13,59
1960	94,23	82,29	11,94	93,59	83,27	10,31	92,85	81,50	11,35	93,35	82,00	11,36
1970	96,09	86,97	9,12	93,78	83,55	10,23	94,27	85,71	8,56	95,83	86,91	8,92
1981	97,02	90,08	6,94	96,26	89,10	7,17	95,88	90,12	5,76	97,45	91,29	6,16
1991	98,60	95,41	3,19	98,23	95,28	2,95	97,87	94,20	3,68	98,84	96,18	2,66

O resultado máis significativo posiblemente radique nunha certa correlación entre emigración e alfabetización masculina. A primeira semella dificultar o avance da segunda, polo menos cando esta medra a un ritmo lento, como xa comprobamos anteriormente ao contrastar a dinámica dos dous primeiros períodos intercensuais no conxunto de Galicia. Así sucede en Lugo, se os datos censuais se axustan a realidade. Entre 1860 e 1877 esta provincia perde o 2,54% da poboación de dez e máis anos, o 5,13% dos alfabetizados e 1,15 puntos na taxa de alfabetización. Así pois, a alfabetización parece nutrirse máis de alfabetizados que de analfabetos. Unha relación similar, aínda que menos precisa, prodúcese en Pontevedra entre 1877 e 1887: desaparece o 3,14% da poboación masculina -único período intercensual con saldo negativo-, o 0,69% de alfabetizados e a taxa de alfabetización aumenta só 1,33 puntos, o incremento máis reducido de toda a serie, como pode apreciarse no cadro 16.

## Cadro 16.

Diferencias intercensais das taxas de alfabetización masculina (M), feminina (F) e total (T) da poboación de dez e máis anos.

	A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra		
	M	F	T	M	F	T	M	F	T	M	F	T
1860/77	3,37	3,51	3,20	-1,15	1,50	0,47	1,24	1,98	1,51	2,72	4,69	3,60
1877/87	4,70	3,30	3,99	7,38	3,10	5,37	7,24	2,53	4,73	1,33	2,89	1,92
1887/00	4,35	4,73	4,43	4,01	7,22	5,65	3,65	4,65	3,80	3,33	6,44	5,05
1900/10	6,87	8,23	7,36	7,60	5,46	6,05	-1,29	14,60	7,33	7,85	10,53	9,50
1910/20	6,65	10,91	9,34	6,92	13,51	10,46	11,32	6,55	8,20	3,89	12,78	9,54
1920/30	9,07	11,56	10,91	9,06	17,09	13,95	13,15	14,32	14,45	7,78	12,63	10,95
1930/40	11,77	18,02	15,63	9,47	16,77	13,32	11,05	19,98	16,00	8,70	13,00	11,50
1940/50	5,59	10,85	8,58	5,34	11,89	8,83	6,68	10,74	8,93	5,48	10,27	8,14
1950/60	2,79	4,80	3,90	1,80	2,90	2,39	2,45	3,15	2,82	2,37	4,60	3,76
1960/70	1,86	4,68	3,51	0,20	0,28	0,29	1,42	4,21	3,03	2,47	4,91	3,97
1970/81	0,93	3,11	2,11	2,48	5,54	4,05	1,61	4,41	3,05	1,62	4,38	3,12
1981/91	1,58	5,33	3,55	1,96	6,18	4,11	2,00	4,08	3,04	1,39	4,89	3,23
1860/1991	59,52	89,04	76,51	55,07	91,46	74,95	60,50	91,21	76,91	48,94	92,01	74,30

Nos anos dez e vinte, caracterizados por unha intensa sangría emigratoria, as taxas de alfabetización experimentan, non obstante, importantes avances, que teoricamente poderían atribuírse a unha maior proporción de emigrantes analfabetos que alfabetizados, pero que semella máis realista apor á expansión do proceso de escolarización e alfabetización propio destas décadas, que tamén se observa no conxunto do Estado. Mesmo podería aventurarse que os avances das taxas serían maiores de non ser pola drenaxe de poboación. De feito, nos anos corenta, que ofrecen un saldo migratorio positivo, é cando as taxas de alfabetización coñecen o seu período máis expansivo.





Cadro A4. Poboación alfabetizada

	1860	1877	1887	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960
A Coruña	91.404	114.370	137.309	164.666	210.527	284.528	373.513	557.166	690.418	762.488
Lugo	75.842	74.809	96.398	124.913	147.520	190.590	248.474	335.310	388.445	376.825
Ourense	56.375	63.657	81.031	93.740	122.586	149.754	210.252	300.646	350.305	349.134
Pontevedra	83.531	99.228	105.165	125.293	168.975	231.397	299.536	408.675	485.995	516.756
Galicia	307.152	352.064	419.903	508.612	649.608	856.269	1.131.775	1.601.797	1.915.163	2.005.203
España	3.129.921	4.071.823	5.004.470	6.226.284	7.716.998	9.904.824	13.171.685	17.117.277	20.184.104	22.881.171

Cadro A5. Poboación masculina alfabetizada

	1860	1877	1887	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960
A Coruña	74.815	86.209	98.959	110.693	127.777	158.113	200.590	285.185	344.886	376.528
Lugo	68.399	64.889	80.329	93.190	103.988	117.969	142.003	178.877	200.132	193.314
Ourense	51.508	55.137	67.758	71.857	72.732	86.125	117.763	154.152	176.679	175.716
Pontevedra	74.535	79.395	78.848	84.132	101.102	124.003	152.853	204.632	234.401	250.627
Galicia	269.257	285.630	325.894	359.872	405.599	486.210	613.209	822.846	956.098	996.185
España	2.414.015	2.823.964	3.317.855	3.830.445	4.464.586	5.442.142	7.101.076	8.732.275	10.185.362	11.570.962

Cadro A6. Poboación feminina alfabetizada

	1860	1877	1887	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960
A Coruña	16.589	28.161	38.350	53.973	82.750	126.415	172.923	271.981	345.532	385.960
Lugo	7.443	9.920	16.069	31.723	43.532	72.621	106.471	156.433	188.313	183.511
Ourense	4.867	8.520	13.273	21.883	49.854	63.629	92.489	146.494	173.626	173.418
Pontevedra	8.996	19.833	26.317	41.161	67.873	107.394	146.683	204.043	251.594	266.129
Galicia	37.895	66.434	94.009	148.740	244.009	370.059	518.566	778.951	959.065	1.009.018
España	715.906	1.247.859	1.686.615	2.395.839	3.252.412	4.462.682	6.070.609	8.385.002	9.998.742	11.310.209

**Cadro A7. Poboación analfabeta**

	1860	1877	1887	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960
A Coruña	446.922	462.730	451.063	464.045	440.169	406.586	364.142	325.924	265.354	227.063
Lugo	344.636	326.160	321.225	320.211	305.560	257.978	202.078	177.425	120.471	101.670
Ourense	299.313	312.041	301.609	284.126	265.989	245.665	194.834	157.626	117.598	100.178
Pontevedra	343.258	335.995	322.603	315.228	311.287	287.996	248.272	233.088	185.614	162.689
Galicia	1.434.129	1.436.926	1.396.500	1.383.610	1.323.005	1.198.225	1.009.326	894.063	689.037	591.600
España	11.837.391	11.978.168	11.945.871	11.875.790	11.867.455	11.170.415	10.024.939	8.760.694	7.792.651	7.647.368

**Cadro A8. Poboación masculina analfabeta**

	1860	1877	1887	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960
A Coruña	163.046	168.036	161.731	167.826	156.576	143.088	132.963	122.628	101.767	87.309
Lugo	125.607	124.279	118.125	119.718	111.947	93.601	77.066	68.943	47.631	40.229
Ourense	114.601	122.467	113.694	106.482	106.152	93.261	73.931	62.214	45.751	38.776
Pontevedra	108.480	107.924	102.391	102.807	104.051	101.174	90.064	86.824	70.626	63.108
Galicia	511.734	522.706	495.941	496.833	478.726	431.124	374.024	340.609	265.775	229.422
España	5.034.545	5.096.758	5.067.098	5.068.956	5.109.797	4.802.567	4.270.370	3.681.502	3.284.322	3.239.173

**Cadro A9. Poboación feminina analfabeta**

	1860	1877	1887	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960
A Coruña	283.876	294.694	289.332	296.219	283.593	263.498	231.179	203.296	163.587	139.754
Lugo	219.029	201.881	203.100	200.493	193.613	164.377	125.012	108.482	72.840	61.441
Ourense	184.712	189.574	187.915	177.644	159.837	152.404	120.903	95.412	71.847	61.402
Pontevedra	234.778	228.071	220.212	212.421	207.236	186.822	158.208	146.264	114.988	99.581
Galicia	922.395	914.220	900.559	886.777	844.279	767.101	635.302	553.454	423.262	362.178
España	6.802.846	6.881.410	6.878.773	6.806.834	6.757.658	6.367.848	5.754.569	5.079.192	4.508.329	4.408.195

**Cadro A10.** Poboación de dez e máis anos

	1887	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991
A Coruña	475.263	489.268	502.863	551.815	590.409	694.386	771.590	808.962	861.297	917.862	984.048
Lugo	338.490	363.082	362.810	371.620	371.845	411.898	427.334	407.373	367.204	357.614	349.762
Ourense	309.964	310.260	320.314	323.036	336.956	367.953	386.938	380.467	380.968	377.301	322.948
Pontevedra	351.128	354.636	371.076	416.075	443.231	507.145	542.369	553.747	636.412	724.127	794.023
Galicia	1.474.845	1.517.246	1.557.063	1.662.546	1.742.441	1.981.382	2.128.231	2.150.549	2.245.881	2.376.904	2.450.781
España	13.538.585	14.343.977	15.300.818	16.805.848	18.485.521	20.870.455	22.969.716	24.859.892	27.611.195	31.299.961	34.425.402

**Cadro A11.** Poboación masculina de dez e máis anos

	1887	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991
A Coruña	201.867	205.820	206.921	230.683	255.854	312.179	352.481	370.942	407.153	437.064	470.822
Lugo	158.494	169.422	165.588	169.124	176.784	196.285	205.965	197.152	179.608	175.062	170.776
Ourense	143.791	140.757	144.403	139.487	154.059	170.481	181.772	178.840	184.829	183.278	154.695
Pontevedra	140.761	140.843	147.710	170.218	187.281	223.076	237.815	249.598	298.295	343.560	378.199
Galicia	644.913	656.842	664.622	709.512	773.978	902.021	978.033	996.532	1.069.885	1.138.964	1.174.492
España	6.572.532	6.931.077	7.355.576	8.065.902	8.928.874	9.886.629	10.901.438	11.919.793	13.348.050	15.203.912	16.754.920

**Cadro A12.** Poboación feminina de dez e máis anos

	1887	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991
A Coruña	273.396	283.448	295.942	321.132	334.555	382.207	419.109	438.020	454.144	480.798	513.226
Lugo	179.996	193.660	197.222	202.496	195.061	215.613	221.369	210.221	187.596	182.552	178.986
Ourense	166.173	169.503	175.911	183.549	182.897	197.472	205.166	201.627	196.139	194.023	168.253
Pontevedra	210.367	213.793	223.366	245.857	255.950	284.069	304.554	304.149	338.117	380.567	415.824
Galicia	829.932	860.404	892.441	953.034	968.463	1.079.361	1.150.198	1.154.017	1.175.996	1.237.940	1.276.289
España	6.966.053	7.412.900	7.945.242	8.739.946	9.556.647	10.983.826	12.068.278	12.940.099	14.263.145	16.096.049	17.670.482

**Nota:** Entre 1887 e 1950 rexístrase a poboación de feito, en 1960 a residente habitual e desde 1970 e 1991 a de dereito.

**Cadro A13. Poboación alfabetizada de dez e máis anos**

	1887	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991
A Coruña	131.230	156.785	198.161	269.006	352.216	522.747	647.101	710.000	786.205	857.163	953.923
Lugo	93.447	120.759	142.627	184.956	236.932	317.312	366.956	359.563	325.185	331.167	338.286
Ourense	78.395	90.273	116.677	144.171	199.073	276.247	325.068	330.377	342.349	350.569	309.892
Pontevedra	100.652	119.557	160.361	219.518	282.378	381.423	452.082	482.405	579.690	682.203	773.734
Galicia	403.724	487.374	617.826	817.651	1.070.599	1.497.729	1.791.207	1.882.345	2.033.429	2.221.102	2.375.835
España	4.757.765	5.915.870	7.295.584	9.358.550	12.349.840	16.035.714	18.987.449	21.443.270	25.182.062	29.308.380	33.306.326

**Cadro A14. Poboación masculina alfabetizada de dez e máis anos**

	1887	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991
A Coruña	95.187	105.999	120.773	149.993	189.556	268.040	322.332	349.545	391.242	424.057	464.237
Lugo	78.284	90.471	101.013	114.866	136.077	169.668	189.043	184.506	168.443	168.520	167.748
Ourense	65.934	69.681	69.623	83.043	111.970	142.741	164.333	166.056	174.236	175.718	151.403
Pontevedra	75.935	80.675	96.210	117.490	143.839	190.734	216.372	233.008	285.846	334.800	373.800
Galicia	315.340	346.826	387.619	465.392	581.442	771.183	892.080	933.115	1.019.767	1.103.095	1.157.188
España	3.166.463	3.651.981	4.232.890	5.152.522	6.670.716	8.178.353	9.573.952	10.834.210	12.668.237	14.652.094	16.447.220

**Cadro A15. Poboación feminina alfabetizada de dez e máis anos**

	1887	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991
A Coruña	36.043	50.786	77.388	119.013	162.660	254.707	324.769	360.455	394.963	433.106	489.686
Lugo	15.163	30.288	41.614	70.090	100.855	147.644	177.913	175.057	156.742	162.647	170.538
Ourense	12.461	20.592	47.054	61.128	87.103	133.506	160.735	164.321	168.113	174.851	158.489
Pontevedra	24.717	38.882	64.151	102.028	138.539	190.689	235.710	249.397	293.844	347.403	399.934
Galicia	88.384	140.548	230.207	352.259	489.157	726.546	899.127	949.230	1.013.662	1.118.007	1.218.647
España	1.591.302	2.263.889	3.062.694	4.206.028	5.679.124	7.857.361	9.413.497	10.609.060	12.513.825	14.656.286	16.859.106

**Cadro A16. Poboación analfabeta de dez e máis anos**

	1887	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991
A Coruña	324.625	313.617	285.351	269.072	213.987	171.639	124.489	98.962	75.092	60.699	30.125
Lugo	232.598	224.413	197.481	169.405	119.424	94.586	60.378	47.810	42.019	26.447	11.476
Ourense	213.421	197.829	184.524	164.534	121.549	91.706	61.870	50.090	38.619	26.732	13.056
Pontevedra	237.820	221.894	198.759	185.248	145.438	125.722	90.287	71.342	56.722	41.924	20.289
Galicia	1.008.464	957.753	866.115	788.259	600.398	483.653	337.024	268.204	212.452	155.802	74.946
España	8.311.608	8.043.369	7.698.357	7.206.358	5.754.054	4.834.741	3.982.267	3.416.622	2.429.133	1.991.581	1.119.076

**Cadro A17. Poboación masculina analfabeta de dez e máis anos**

	1887	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991
A Coruña	98.545	92.488	79.590	75.397	56.739	44.139	30.149	21.397	15.911	13.007	6.585
Lugo	74.399	72.687	57.288	48.996	35.157	26.617	16.922	12.646	11.165	6.542	3.028
Ourense	70.199	63.707	68.134	52.490	36.698	27.740	17.439	12.784	10.593	7.560	3.292
Pontevedra	60.403	56.102	47.898	49.239	37.643	32.342	21.443	16.590	12.449	8.760	4.399
Galicia	303.546	284.984	252.910	226.122	166.237	130.838	85.953	63.417	50.118	35.869	17.304
España	3.258.012	3.158.856	3.025.289	2.822.247	2.114.325	1.708.276	1.327.486	1.085.583	679.813	551.818	307.700

**Cadro A18. Poboación feminina analfabeta de dez e máis anos**

	1887	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991
A Coruña	226.080	221.129	205.761	193.675	157.248	127.500	94.340	77.565	59.181	47.692	23.540
Lugo	158.199	151.726	140.193	120.409	84.267	67.969	43.456	35.164	30.854	19.905	8.448
Ourense	143.222	134.122	116.390	112.044	84.851	63.966	44.431	37.306	28.026	19.172	9.764
Pontevedra	177.417	165.792	150.861	136.009	107.795	93.380	68.844	54.752	44.273	33.164	15.890
Galicia	704.918	672.769	613.205	562.137	434.161	352.815	251.071	204.787	162.334	119.933	57.642
España	5.053.596	4.884.513	4.673.068	4.384.111	3.639.729	3.126.465	2.654.781	2.331.039	1.749.320	1.439.763	811.376